

POEMAS A LÚA

DANI RÍOS

A Lúa chámase Macarena
e é unha muller encantadora,
pero non é risueña,
pois non lle gusta vivir soa.

HÉCTOR

A Lúa chámase María
Cántolle cancións sen descanso
Por iso a quero eu tanto.

NATÁN:

A Lúa chámase Catalina,
e é unha señora moi distinguida.
Que está por enriba das nubes,
alá onde ti non subes.
Vai vestida de branco e con zapatos amarelos,
gústalle dar saltos polos charcos negros.

RAÚL

A Lúa chámase Catalina
vaise e vén

a Lúa pásao ben,
toda a noite ao cen por cen.

A Lúa manda no ceo
Sempre na escuridade.
Dálle o relevo ao sol
Con moita amabilidade.

AROA:

A Lúa chámase Selena.
É unha señora moi leda.
Arriba no alto brilla,
e a todo mundo alumea.

INÉS

A Lúa chámase Pepita,
e é unha señora moi bonita
sae de noite coma os grilos
por enriba do tellado dos meus veciños.
Ten cara redonda reflexada no mar
gústame mirala e poñerme a cantar.

SAÚL:

A Lúa chámase Catalina,
e é señora moi refinada.

Que está no alto do ceo,
que sempre está relumbrando.

LEO

A Lúa chámase Catalina
Alúa é moi linda
Catalina, Catalina ilumina
Ilumina a miña vida.

BORJA:

A Lúa chámase Canela,
é é unha señora moi presumida.
Leva un chaleco con ela,
que lle durará toda a vida.

MARÍA CALVIÑO

A Lúa chámase luz fermosa.
É unha señora moi esplendorosa,
Que está toda a noite chea,
Pero sempre bonita
Como un poema.

CARLOS:

A Lúa chámase Lucía,
e é unha señora moi branca.
Cando ela sae pola noite,
o sol vai para a súa casa.

IVÁN AVENDAÑO

A Lúa chámase Catalina
E ñe unha señora moi finchada
Que está no alto do ceo,
Bailando unha muiñeira.

VIOLETA

A Lúa chámase Catarina
Coa súa capa branca
Parece unha campesina.

Pola noite está no ceo
E co seu sorriso,
Quítanos o medo.

VÍCTOR:

A Lúa chámase Catalina,
e é unha señora moi cantariña.
Que pasa as noites cantando,
e os días descansando.
O sol chámase Lorenzo
e a lúa Catalina.
Lourenzo brilla e brilla
e Catalina é cristalina.

ROI COSTA

A Lúa chámase Catarina
E é unha señora moi mimada
Que está no alto do ceo,
Todo o día olvidada.

MATEO:

A Lúa chámase Lucía,
e é unha señora moi durmiñoa.
Que durme todo o día
a carón dunha gaiola.

SARA

A Lúa chámase Catalina
E é unha señora moi fina
Que está no alto do ceo
Toda a noite brillando.

ANDRÉ

A Lúa vai vestida de gris,
Leva ollos furados.
Tan redonda coma a Terra,
sube e baixa a marea.

PAULA

A Lúa Catalina
E é unha señora moi pillina
Polo día durme
E polas noites as estrelas come.

XOEL

Non poderíamos vivir sen a Lúa,
porque dannos a escuridade.
Ela é moi seria e nos axuda,
para que o sono nos agrade.

ANDRÉS

A Lúa chamase Catalina

E é unha señora grata,

Que está de noite no ceo

Facendo brillar as estrelas.

MANU

A nosa Lúa é enganosa,

Cando é crecente un D amosa

En decrecente ne forma de C fermosa

Pero a quero porque é nosa.

IRIA

A Lúa chámase Catalina

Sempre móstrase branca

e moi divina.

Traizoa ás persoas

coa súa forma

pero ela non se deforma.

Sempre mostra a mesma cara
pois ten unha oculta
da que ninguén sabe nada.

Casouse co sol nunha trola moi grande
onde asistiron as estrelas
e tamén os xigantes.

ALEJANDRO

Hoxe a Lúa está tranquila e bonitiña
Como non podo saír da miña casa
Míroa sempre dende a miña ventaniña.

ANTÍA ÁLVAREZ

A Lúa chámase Catalina
E é unha señora moi elegante
As veces redonda como unha mandarina
No ceo sempre é brillante.

CARLOTA

A Lúa está enfadada

Polo coronavirus

A ver se entre todos

Podemos conseguilo.

Seguindo as normas

Antes acabaremos

Se non este encerro

Vai ser un inferno.

Todos xuntos

Imos vencelo

Ata que rematemos.

Xa me despido

Con todo o meu cariño

Pronto nos encontraremos

Para entreternos.